

Acción Terra

Ven coñecer xente, asociacións e proxectos para un estilo de vida sostíbel!

ACTIVIDADES

VENRES 22 DE ABRIL - DÍA DA TERRA

Punto de encontro: Heliporto do Pavillón Central na Facultade de Veterinaria

17:30 - 18:15

Apertura e recital de poesía pola Terra

18:15 - 20:00

Acción de limpeza do Campus Terra

LUNS 25 DE ABRIL - SOBERANÍA ALIMENTARIA

EPS de Enxeñaría (Aula 10)

18:30 - 19:15

Proxección do documental "Nun tempo de horta"

19:30 - 21:00

Mesa redonda: Soberanía Alimentaria

MARTES 26 DE ABRIL - FAUNA SILVESTRE

Facultade de Veterinaria (Sala de Xuntas)

19:30 - 21:00

Mesa redonda: Fauna Silvestre Autóctona

MÉRCORES 27 DE ABRIL - GANDERÍA SUSTENTÁBEL

Facultade de Veterinaria (Sala de Xuntas)

19:30 - 21:00

Mesa redonda: Gandería Sustentábel

XOVES 28 DE ABRIL - CHAMAMENTO PARA CONSTRUÍRMOS ESPAZOS SAUDÁBEIS

UNED Lugo (Para participar é preciso inscribirse a través da sede electrónica da UNED Lugo)

18:00 - 18:15

Relax imaxinativo da man de Celsa Sánchez Vázquez

18:15 - 20:00

Xornada de debate guiado por Adela Figueroa Panisse (presidenta ADEGA-Lugo)

VENRES 29 DE ABRIL - DECRESCIMENTO, COLAPSO E TRANSICIÓN

EPS de Enxeñaría (Sala de Xuntas)

17:00 - 18:30

Mesa redonda: Transición Enerxética

UNED Lugo (Para participar é preciso inscribirse a través da sede electrónica da UNED Lugo)

20:00 - 21:30

Conferencia de Carlos Taibo

Acción Terra

Ven coñecer xente, asociacións e proxectos para un estilo de vida sostíbel!

DÍA DA TERRA

VENRES 22 DE ABRIL

*Punto de encontro: Heliporto do Pavillón
Central na Facultade de Veterinaria*

17:30 - 18:15

Apertura e roda aberta de poesía pola Terra

18:15 - 20:00

Acción de limpeza do Campus Terra

Recoméndase levar pantalóns grosos, zapatos pechados ou impermeábeis, xersei de manga longa e poncho de choiva.

Ao final trocaremos as cabichas recollidas por un bote cheo de vida para medrar



Participan: Ecologistas en Acción,
Greenpeace e Coidemos Lugo.

GREENPEACE



Acción Terra

Ven coñecer xente, asociacións e proxectos para un estilo de vida sostíbel!

SOBERANÍA ALIMENTARIA

O dereito dos pobos e comunidades a definir a súa política agrícola e alimentaria e a que sexa ecolóxica, social, económica e culturalmente adecuada. A alimentación afírmase como un dereito que permite ás labregas producir alimentos e ás consumidoras decidir o que queren consumir e como e quen o produce.

LUNS 25 DE ABRIL

EPS de Enxeñaría (Aula 10)

18:30 - 19:15

Proxección do documental "Nun tempo de horta"

*Co comentario da directora **Carmen Granxeiro***

Nota: Oportunidade única de ver este documental na cidade de Lugo. Participa no festival de curtametraxes CortoGijón

19:30 - 21:00

Mesa redonda - Soberanía alimentaria

Marta Pérez Freire (Bico de Grao)

Cooperativa de traballo asociado para venta de produtos ecolóxicos e espazo de alternativas sustentábeis.

Dora Cabaleiro (Ribeiregas e Sindicato Labrego Galego)

Produción de alimentación ecolóxica.

Gabriel Lopes (SC Lagar d'a Granha)

Sociedade civil de produçom vegetal (horta, fruta, sidra e cereais galegos).

Moderado por

Emilio V. Carral Vilariño (USC)

Profesor Titular na área de ecoloxía da EPS de Enxeñaría.

Acción Terra

Ven coñecer xente, asociacións e proxectos para un estilo de vida sostíbel!

FAUNA SILVESTRE

A conservación da variedade da vida, na súas formas xenéticas, de especies e de comunidades, debe ser un dos obxectivos prioritarios das políticas vixentes. A difícil integración da conservación da natureza co desenvolvemento económico esixe prestar unha atención preferente a aqueles animais silvestres e os seus hábitats que na actualidade corren un maior risco de desaparecer.

MARTES 26 DE ABRIL

19:30 - 21:00

Facultade de Veterinaria (Sala de Xuntas)

Mesa redonda

Fauna Silvestre Autóctona

Oscar Rivas (Fundación Oso Pardo e Asociación Galega de Custodia do Territorio)

Veterinario experto en fauna silvestre, xestión e custodia de áreas naturais.

Catuxa Varela Dopico (Grupo CoPeMol da USC)

Bióloga do grupo de investigación de Conservación de Peixes e Moluscos.

Manuel Arzúa (Asociación Morcegos de Galicia)

Biólogo especializado en morcegos.

Concha López Llamas

Catedrática de Bioloxía e Xeoloxía en Educación Secundaria.

Moderado por Ana López Beceiro (USC)

Profesora do Departamento de Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias.



Acción Terra

Ven coñecer xente, asociacións e proxectos para un estilo de vida sostíbel!

GANDERÍA SUSTENTÁBEL

O seu obxectivo é manter e mellorar a actividade produtiva, pero ao mesmo tempo xerar benestar nos animais, gandeiras e medio natural. Para conseguilo, é necesario activar diversas estratexias que permitan unha maior oferta de forraxe, herba, árbores e arbustos onde se manexa o gando e con iso aumentar o número e diversidade de plantas que se utilizan como alimento, aumentar a fertilización natural e a recuperación de solos degradados.

MÉRCORES 27 DE ABRIL

19:30 - 21:00

Facultade de Veterinaria (Sala de Xuntas)

Mesa redonda Gandería Sustentabel

**Gemma San Pedro
(Cabuxa Natur)**

*Gandeira ecolóxica e rexenerativa
de ovellas e cabras.*

**Xosé García Freire
(Casa da Fonte)**

*Granxa ecolóxica e rexenerativa
con vacas de leite, porco e galiñas.*

David Outeiro (Fonsagrada)

*Gandeiro ecolóxico, rexenerativo e
alternativo de vaca cachena.*

Moderado por

Ruth Rodríguez Bermúdez (USC)

*Profesora interina na área de
Produción Animal da Facultade de
Veterinaria.*



Acción Terra

Ven coñecer xente, asociacións e proxectos para un estilo de vida sostíbel!

CONSTRUCCIÓN DE ESPAZOS SAUDÁBEIS

A participación cidadá como ferramenta para trazar o camiño en harmonía co medio e todas as especies que o habitan, recoñecendo os problemas ambientais actuais, e atopar as posíbeis solucións, tanto a nivel particular como de comunidade e sen deixar a ninguén atrás.

XOVES 28 DE ABRIL

18:00 - 20:00

UNED Lugo

18:00 - 18:15

RELAX IMAXINATIVO

da man de **Celsa Sánchez Vázquez**

Para liberar a mente e participar no debate dun xeito máis empático e asertivo.

18.15 - 20:00

DEBATE - DINÁMICA DE GRUPO

moderado por **Adela Figueroa Panisse**

(presidenta ADEGA-Lugo)

Chamamento á participación cidadá para construírmos entre todas espazos saudábeis

Para participar é preciso inscribirse a través da sede electrónica da UNED Lugo.



Acción Terra

Ven coñecer xente, asociacións e proxectos para un estilo de vida sostíbel!

DECRESCIMIENTO, COLAPSO E TRANSICIÓN ENERXÉTICA

Transición enerxética é oportunidade para racionalizar o actual modelo de produción e consumo enerxético. Reorientar o modelo económico baseado no crecemento sen fin nun planeta con recursos limitados, cara outro orientado ao decrecemento. Considerar a enerxía como dereito humano, e non só como un ben de consumo, garantido polos poderes públicos mediante regulamentación. Evitar que sexa unicamente o mercado quen controle a súa produción e distribución.

VENRES 29 DE ABRIL

17:30 - 19:00

Mesa Redonda - Transición Enerxética

EPS de Enxeñaría (Sala de Xuntas)

Tonio Nogueira (ADEGA)

Biólogo especializado en xestión de ecosistemas do grupo de traballo Emerxencia Ambiental da asociación.

José Antonio Eiras Vila (Nosa Enerxía)

Cooperativa galega de enerxía verde.

Aranza González

(Aire Limpo nas Mariñas-Mandeo)

Portavoz da plataforma veciñal.

Gonzalo Pérez Vázquez

(CMVMC Tameiga)

Coordinador da comunidade de montes.

Moderado por **Benito García (Asociación Galicia Ambiental)**

Xornalista especializado en comunicación ambiental.

20:00 - 21:30

Conferencia - Decrecimiento e Colapso con Carlos Taibo

UNED Lugo

Para participar é preciso inscribirse a través da sede electrónica da UNED Lugo.

